

Acta Reunión Extraordinaria da Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 19 de xaneiro de 2016

Hora: 12:30

Sala de Xuntas X3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

Gumersindo Feijoo Costa

Tomás Fernández Pena

Julia González Álvarez

M^a Carmen Palacios Oubiña

Purificación Cariñena Amigo

José Varela Pet

Invitada: Iria García Becerra – técnico de apoio da web da ETSE

PUNTO ÚNICO: Aprobación dos Informes de Acreditación das Titulacións de Grao en Enxeñaría Química, Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos e Máster en Computación de Altas Prestacións.

O Sr. Director indica que invitou a Iria por se hai que tratar algún asunto relacionado coa web. A continuación cede a palabra aos coordinadores das titulacións en proceso de acreditación.

O coordinador do GrEQ informa de que se pasou á web a información de actas de proxectos e reunións de coordinación. Non se tocou a estrutura da web. Cando algo xa estaba nun sitio, simplemente se engadiu unha ligazón. Normalmente os usuarios da web entran na titulación de Enxeñaría Química a través do apartado de titulacións. Vanse poñer ligazóns na sección de Calidade. No apartado de Persoal, tendo en conta que o comité externo debe ter acceso ao currículo do persoal, debe incluírse neste apartado esta información. Poñemos unha táboa por cada grao, indicando nome, teléfono, correo-e, e ligazón á páxina propia (se a ten) e a páxina do grupo de investigación. O Sr. Director suxire que dalgunha consulta de Xescampus podería sacarse un listado, e logo enlazar a outra páxina para titulacións. Sobre os currículos, habería que pedir a información ao profesorado, para que envíen un pdf ou unha ligazón a web. O coordinador do Grao indica que se algún non responde, podería deixarse unicamente a ligazón o grupo de investigación. Pregunta se o informe de acreditación habería que subilo en pdf á web. O Sr. Director responde que si, unha vez sexa enviado. O coordinador do Máster en Computación de Altas Prestacións (MCAP) comenta que no caso deste máster se subiron tamén as evidencias (enlazadas desde o informe), e podería haber problemas coa protección de datos. O Sr. Director contesta que a idea é que haxa a maior transparencia posible, e non hai problema en colgar na web información que é pública. O coordinador do MCAP di que agora mesmo está na web propia do máster. O Sr. Director pide que se suba tamén á web da ETSE, no apartado de Calidade, e desde alí enlazalo á páxina da titulación.

Neste punto chega Iria García, e informa de que o profesorado xa está todo incluído na web. Creou un apartado para cada título, e está enlazado á páxina da USC. Falta o currículo. Se os profesores o mandan en pdf, pode haber problema co peso dos ficheiros se son moitos. O coordinador do GrEI suxire pedir á USC poder engadir información sobre o currículo na páxina institucional. O Sr. Director comenta que na nova web institucional xa están pensando en facelo. Cada profesor poderá engadir o seu currículo. Iria suxire poñer dúas listas, a oficial por titulación, e outra cos currículos por titulación (que se faría de xeito manual).

O coordinador do GrEQ informa de que na visita da comisión solicitarán material de cinco materias. Aínda que non sabemos cales, suxire lanzar xa a mensaxe aos profesores para que saiban que a quen lle corresponda deberá facer o documento en pouco tempo. Suxire mandar tamén un modelo. Deste xeito,

acórdase enviar para as tres titulacións implicadas un correo electrónico desde o centro cos informes, solicitando os currículos, e avisando sobre a preparación da información das materias.

A coordinadora do MEQBIO indica que xa reuniron todas as evidencias solicitadas, e tamén modificaron a web. Respecto ao apartado de Infraestruturas, aparece en branco, só está a información institucional. Vaise engadir un listado, e poñer a información que aparece no apartado de Instalacións da Guía de Estudantes.

O coordinador do MCAP indica que xunto coa Universidade da Coruña completaron as evidencias, que están reunidas nun ficheiro en Dropbox, con ligazóns desde o documento. As ligazóns á información de cada profesor están na páxina propia do máster. Na web da ETSE non sae nada se se entra no Plan de Estudos e Horarios. O Sr. Director di que se revisará o que está enlazado da web. Iria pregunta sobre as ligazóns ás memorias: debe colgarse só a memoria oficial en vigor? O Sr. Director contesta que no apartado de Acreditación de cada título se pode poñer como se decida (históricos, etc.). Pero na páxina principal da titulación debe aparecer unicamente a ligazón á memoria en vigor (a oficial que xera a aplicación da ANECA).

O coordinador do GrEI ten unha suxestión sobre a xornada de Benvida aos estudantes. Os titores comentaron que algúns tiñan problemas para chegar ao Monte da Condesa. Suxire poñer na web unha ligazón de GoogleMaps.

Rematadas as intervencións, apróbanse os Informes de Acreditación das Titulacións de Grao en Enxeñaría Química, Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos e Máster en Computación de Altas Prestacións.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 13:15 h.